



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a las medidas para reforzar la movilidad durante el cierre del aeropuerto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela previsto entre el 23 de abril y el 27 de mayo de 2026.

El pasado 1 de marzo, AENA publicó, a través de su portal de contratación, la licitación de las obras de regeneración de la pista del aeropuerto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela por un importe de casi 32 millones de euros y con un plazo de ejecución de 15 meses.

Las actuaciones consistirán en mejorar el pavimento de la pista, renovar la señalización y drenaje de los campos de vuelo, nivelar zonas críticas y franjas de seguridad a ambos lados de la pista para crear una superficie de seguridad, además de renovar el sistema de iluminación en términos de eficiencia energética. Asimismo, se incluirá la actualización de los sistemas de ayuda al aterrizaje en condiciones meteorológicas adversas con visibilidad reducida. En definitiva, se trata de una acción necesaria que redundará en la mejora de las infraestructuras aeroportuarias y en el aumento de la seguridad aérea.

Para permitir la realización de las obras será necesario cerrar el tráfico aéreo en el aeropuerto del 23 de abril al 27 de mayo de 2026. Un cierre que preocupa desde el punto de vista económico, comercial y social al tratarse del principal aeropuerto gallego. No sólo afectará a la movilidad de la capital gallega, impactando significativamente en su actividad turística y económica, sino que afectará a todo el país al ser el aeropuerto con mayor actividad y conexiones a nivel estatal e internacional. Cabe recordar que el mes de mayo es un período caracterizado por una alta ocupación turística.

Por ello, es fundamental que se adopten medidas que faciliten mecanismos de transporte alternativos que absorban el tráfico de pasajeros causando los menores inconvenientes posibles. Es necesario reforzar tanto las conexiones con el resto de aeropuertos gallegos para dar cobertura a los vuelos con destino y origen en Santiago, como la consiguiente mejora en las conexiones de transporte terrestre, en autobús o tren, desde estas ciudades a Santiago para facilitar la movilidad. Asimismo, es necesario coordinar un refuerzo de las conexiones ferroviarias con Santiago de Compostela, para cubrir todos los viajes durante el



tiempo que permanezca cerrado el aeropuerto Rosalía de Castro. En otras palabras, es necesario articular una respuesta de transporte intermodal que sustituya suficientemente el cierre del aeropuerto de Santiago y que además facilite los traslados hasta la ciudad.

AENA ya ha señalado que coordinará el cierre y negociará con las aerolíneas y las administraciones territoriales, la Xunta y el Ayuntamiento, pero es especialmente importante lograr que se reprogramen los vuelos programados a Santiago para las terminales de Alvedro y Peinador.

Creemos imprescindible articular y dar a conocer lo antes posible medidas alternativas para, a través del refuerzo de los servicios de transporte público, garantizar una intermodalidad óptima, que permita reducir el impacto que el cierre del aeropuerto de Santiago tendrá en la ciudad y en Galicia. Esto requiere la plena colaboración y coordinación de las diferentes administraciones implicadas.

Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Qué alternativas de planificación del transporte y refuerzo de las conexiones tiene previstas Aena para facilitar la movilidad y la intermodalidad durante el cierre del aeropuerto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela entre el 23 de abril y el 27 de mayo de 2026?
2. ¿Se mantendrán las actuales conexiones aéreas con Galicia trasladando los puntos de destino a otros aeropuertos gallegos?
3. ¿Se comprometerá a la plena colaboración y coordinación con las distintas administraciones implicadas, especialmente el Ayuntamiento de Santiago de Compostela y la Xunta, para reforzar el transporte colectivo, tanto ferroviario como por carretera, desde los aeropuertos de A Coruña y Vigo, donde se desviarán vuelos?
4. ¿Está dentro de las previsiones de AENA garantizar una comunicación óptima desde Alvedro y Peinador a Santiago de Compostela? ¿Qué medidas tomarán al respecto?



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



5. ¿Coordinarán con RENFE un refuerzo de las conexiones ferroviarias con Galicia, especialmente con Santiago de Compostela, para absorber parte del tráfico de viajeros?

6. Una vez finalizadas las obras que provocarán el cierre de la actividad aérea en el aeropuerto, ¿espera que el tráfico aéreo se reanude con normalidad?

Madrid, 11 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

11 MAR. 2025 12:25:42

Entrada **60287**

Sobre as medidas de transporte alternativo a adoptar durante o fechamento do aeroporto de Santiago

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás medidas a adoptar para reforzar a mobilidade durante o fechamento do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela previsto entre o 23 de abril e o 27 de maio de 2026.**

AENA fixo público o pasado 1 de marzo, a través do seu portal de contratacións, a licitación das obras de rexeneración da pista do aeroporto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela por un importe de case 32 millóns de euros e cun prazo de execución de 15 meses.

As actuacións van consistir na mellora do pavimento da pista, a renovación do balizamento e da drenaxe nos campos de voos, a nivelación das áreas críticas e as franxas de seguridade nos dous lados da pista para crear unha superficie de seguridade, ademais da renovación do sistema de iluminación en termos de eficiencia enerxética. Así mesmo, incluírase a actualización dos sistemas de axuda á aterraxe en condicións climatolóxicas adversas con redución da visibilidade. En definitiva, trátase dunha actuación necesaria que redundará na mellora das infraestruturas aeroportuarias e no incremento da seguridade aérea.

Para permitir a execución das obras, será preciso fechar o tráfico aéreo no aeroporto desde o 23 de abril ao 27 de maio de 2026. Un fechamento que preocupa desde o punto de vista económico, comercial e social por tratarse do principal aeroporto galego. Non só afectará á mobilidade da capital de Galiza, incidindo de maneira relevante na súa actividade turística e económica, senón





que afectará ao conxunto do país por ser o aeroporto con maior actividade e conexións a nivel do Estado e internacionais. Debe lembrarse que o mes de maio é un período caracterizado xa por unha alta ocupación turística.

Por tanto, é imprescindible que se adopten medidas para facilitar mecanismos de transporte alternativos que absorban o tráfico de pasaxeiros e pasaxeiras causando as menores repercusións posibles. É preciso reforzar tanto as conexións co resto de aeroportos galegos para dar cobertura aos voos con destino e orixe en Santiago, así como a posterior mellora nas conexións de transporte terrestre, en autobús ou tren, desde esas cidades até Santiago para facilitar a mobilidade. Así mesmo, é preciso que se coordine un reforzamento das conexións ferroviarias con Santiago de Compostela, para dar cobertura ao conxunto de desprazamentos durante o tempo que se manteña fechado o aeroporto Rosalía de Castro. É dicir, é preciso articular unha resposta de transporte intermodal que supla suficientemente o fechamento do aeroporto de Santiago e que facilite igualmente os desprazamentos até a cidade.

AENA indicou xa que vai coordinar o fechamento e negociar coas compañías aéreas e coas administracións do territorio, a Xunta e o concello, pero é especialmente importante, lograr que se reprogramen os voos previstos a Santiago para as terminais de Alvedro e Peinador.

Cremos imprescindible artellar e dar a coñecer as medidas alternativas o antes posible para, a través do reforzamento dos servizos públicos de transporte garantir unha intermodalidade óptima, que permita reducir o impacto que o fechamento do aeroporto de Santiago vai ter na cidade e na Galiza. É preciso para iso a total colaboración e coordinación das distintas administracións implicadas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Que planificación de transportes alternativos e reforzo de conexións ten previsto Aena para facilitar a mobilidade e a intermodalidade durante o



- fechamento do aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela entre o 23 de abril e o 27 de maio de 2026?
2. Manterá as actuais conexións aéreas coa Galiza desprazando os puntos de destino aos outros aeroportos galegos?
 3. Apostará pola plena cooperación e coordinación coas distintas administracións implicadas, especialmente a o Concello de Santiago de Compostela e a Xunta, para reforzar o transporte colectivo, tanto os servizos ferroviarios como de transporte por estrada desde os aeroportos da Coruña e Vigo, a onde se van desviar os voos?
 4. Entra nas previsións de AENA garantir a óptima comunicación desde Alvedro e Peinador até Santiago de Compostela? Que medidas vai adoptar nese sentido?
 5. Coordinará con RENFE un reforzamento das conexións ferroviarias coa Galiza, especialmente con Santiago de Compostela, para absorber parte do tráfico de pasaxeiros e pasaxeiras?
 6. Unha vez rematadas as obras que provocarán o fechamento da actividade aérea do aeroporto, ten previsto que se retome o tráfico aéreo con normalidade?

Madrid, a 11 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso